

11. Probas. Planificación e documentación. Probas de caixa negra. Probas de caixa branca. Utilización de datos de proba. Probas de software, hardware, procedementos e datos.

CUARTA PARTE

1. Administración do sistema operativo e software de base. Funcións e responsabilidades. Control de cambios.
2. Administración dos sistemas de xestión de bases de datos. Funcións. Responsabilidades. Administración de datos.
3. Prácticas de mantemento de equipos e instalacións. Mantemento preventivo, correctivo e perfecto. Monitorización e xestión de capacidade.
4. Plan de seguridade. Plan de continxencias. Plan de recuperación. Políticas de salvagarda. O método MAGERIT v2 de xestión de seguridade.
5. Auditoría informática. Obxectivos, alcance e metodoloxía. Técnicas e ferramentas. Normas e estándares. Probas substantivas.
6. Estrutura e organización dun departamento de sistemas de información. Planificación física dun centro de tratamento da información. Vulnerabilidades, riscos e proteccións. Instalacións. Dimensionamento de equipos. Factores a considerar.
7. Sistemas de almacenamento SAN e NAS. Seguridade física dos sistemas de almacenamento.
8. Control da execución dos traballos. Avaliación do rendemento. Planificación da capacidade. Análise da carga. Ferramentas e técnicas utilizables.
9. Seguridade física e lóxica dun sistema de información. Riscos, ameazas e vulnerabilidades. Medidas de protección e aseguramento. Auditoría de seguridade física. Copias de seguridade.
10. Software libre e software propietario. Características e tipos de licenzas. A protección xurídica dos programas de ordenador.
11. Documática. Xestión e arquivo electrónico de documentos. Sistemas de xestión documental. Xestores de contidos. Sindicación de contido. Sistemas de xestión de fluxos de traballos.
12. Servizos de autenticación electrónica. O rol dos certificados dixitais. Localización de claves públicas. Servizos de directorio X500. Marco de autenticación X509. Outros servizos.

Infraestrutura de clave pública PKI: Definición e elementos dunha PKI. Prestacións de servizo de identificación públicos e privados. Xestión do ciclo de vida dun certificado. Xerarquías de PSC. Protocolos de directorio baseados en LSAP. Almacenamento seguro de claves privadas: "Smart Cards". DNI electrónico.

QUINTA PARTE

1. Medios de transmisión. Cables metálicos. Cable coaxial. Fibra óptica. Tipoloxía de redes de cable. Medios inarámicos. Sistemas de transmisión por satélite.
2. Redes locais. Tipoloxía. Medios de transmisión. Métodos de acceso. Dispositivos de interconexión.
3. Administración de redes locais. Xestión de usuarios. Xestión de dispositivos. Monitorización e control de tráfico. Xestión SNMP.
4. O modelo OSI de ISO. O modelo TCP/IP. Comparación OSI con TCP/IP. Protocolo OP v.6.
5. Elementos básicos de telecomunicación. Características de canle. Codificación. Modulación. Multiplexación. Interfaces e protocolos.
6. Conmutación. Conmutación de circuitos e paquetes. X25. Frame Relay, ATM. Integración voz-datos sobre FR, IP, ATM. Protocolos de encamiñamento. Ethernet conmutada. MPLS. Calidade de servizo (QOS).
7. A seguridade en redes. Control de accesos. Técnicas criptográficas. Mecanismos de firma dixital. Intrusións. Cortalumes. Redes privadas virtuais.
8. A rede Internet: arquitectura de rede. Principios de funcionamento. Servizos: evolución, estado actual e perspectiva de futuro. A web 2.0.
9. Tecnoloxía XDSL. Concepto. Características técnicas. Normativa reguladora. Telecomunicacións por cable: características e normativa reguladora.
10. Telecomunicacións de voz. Tecnoloxías VoIP. Convergencia telefonía fixa-telefonía móbil.
11. Comunicacións móbiles. Radiotelefonía privada. Sistemas celulares. GSM, GPRS e UMTS. Evolución 3G: HSDPA e HSUPA.
12. Protocolos 802.x, Wi-Fi e WiMAX. Características funcionais e técnicas. Sistemas de expansión do espectro. Sistemas de acceso. Modos de operación. Seguridade. Normativa reguladora.

Poio, a 16 de decembro de 2009.—O Alcalde,
Luciano Sobral Fernández. **2010000899**

* * *

PONTEAREAS

A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o 29-10-2010 acordou aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da taxa dos dereitos de exame organizados polo Concello. Ó non terse formulado reclamacións durante o período de exposi-

ción pública entendese aprobada definitivamente cuio texto íntegro é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E RÉXIME

Este concello, en virtude das facultades que lle confiren os arts. 20,57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ó obxecto de contía e demais aspectos necesarios para axilizar a xestión e recadación da taxa reguladora por dereitos de exame que se rexerá pola presente ordenanza:

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a participación como aspirantes en probas selectivas de acceso ou de promoción aos corpos e escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral fixo convocadas polo concello de Ponteareas, así como a participación en probas selectivas para a cobertura en réxime laboral interino das prazas convocadas por este Concello.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes nas probas selectivas ou de aptitude ás que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 4º.—DEVENGO

O devengo da taxa producirase no momento de solicitude de inscrición nas probas selectivas ou de aptitude ás que se refire o artigo 2º, sendo preciso o pago da taxa para poder participar nelas.

A taxa aboarase durante o periodo de tempo que permaneza aberto o prazo para a presentación de solicitudes de participación, que será o determinado en cada unha das bases que rixan as convocatorias para a provisión, nos seus distintos réximes, das prazas que se oferten.

ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa virá determinada por unha cantidade fixa sinalada en función do grupo de clasificación ou de titulación en que se atopen clasificadas as correspondentes prazas:

Para as probas selectivas de acceso á función pública, as de promoción interna e funcionarización, aplicaranse as seguintes tarifas:

Grupo A1 (antigo grupo A) ou laboral fixo ao nivel equivalente	45,00
Grupo A2 (antigo grupo B) ou laboral fixo ao nivel equivalente	40,00
Grupo B ou laboral fixo ao nivel equivalente	35,00

Grupo C1 (antigo grupo C) ou laboral fixo ao nivel equivalente	30,00
Grupo C2 (antigo grupo D) ou laboral fixo ao nivel equivalente	25,00
Agrupacións profesionais (antigo grupo E) ou laboral fixo ao nivel equivalente	20,00

ARTIGO 6º.—NORMAS DE XESTIÓN

1.—A taxa esixirase en réxime de autoliquidación simultánea coa solicitude de participación nas probas selectivas.

2.—A xestión da taxa será efectuada polos servizos competentes deste concello.

ARTIGO 7º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

7.1.—A taxa esixirase en réxime de autoliquidación simultánea coa solicitude de participación nas probas selectivas.

— As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, segundo o certificado emitido polo IMSERSO, o cal deberá achegarse á instancia de solicitude.

— As persoas inscritas no INEM como demandantes de emprego, non subsidiarios, segundo o certificado emitido polo INEM, o cal deberá achegarse á instancia de solicitude.

7.2.—Gozarán dunha bonificación do 50% aqueles suxeitos pasivos, membros de familias numerosas que teñan recoñecida tal condición.

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación dos Tratados internacionais.

ARTIGO 8º.—DEVOLUCIÓN

Procederá a devolución da taxa por dereitos de exame cando non se realice o feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo.

Por tanto, non procederá devolución ningunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

En todo caso relativo ás infraccións e sancións tributarias e ás súas distintas cualificacións, así como ás sancións que ás mesmas corresponda, serán de aplicación as normas establecidas na vixente Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza producirá efectos a partir da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

RECURSOS

Contra a presente disposición os interesados poderán interpoñer recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P. ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, 18 de xaneiro de 2010.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2010000797**

* * *

O PORRIÑO*Anuncio de concesión de postos do Mercado Municipal de Abastos do concello do Porriño*

Por acordo do Pleno do Concello do Porriño de data 26 de novembro de 2009, elevouse a definitiva da adxudicación provisional de concesión dos postos nº 10, 12 e 22 da Praza Municipal de Abastos coas seguintes especificidades:

ENTIDADE ADXUDICADORA

Organismo: Concello do Porriño.

Dependencia tramitadora do expediente: Secretaría-Servizo de Contratación.

Número de expediente: 32/09

OBJECTO DO CONTRATO

Descrición do obxecto: concesión dos postos nº 10, 12 e 22 da Praza Municipal de Abastos do Concello do Porriño.

- Posto nº 10: Teresa Lorenzo Lago
Obxecto: adicado a froitas, verduras e hortaliñas.
Canon: 377,46 €
- Posto nº 12: Pilar Fernández Sánchez
Obxecto: adicado a froitas, verduras e hortaliñas.
Canon: 377,64 €
- Posto nº 22: Anuncia Varela Groba
Obxecto: adicado a froitas, verduras e hortaliñas.
Canon: 377,64 €

DATA DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Data: 1 de outubro de 2009

ELEVACIÓN DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL A DEFINITIVA

Data: 26 de novembro de 2009.

PÁXINA WEB DONDE FIGUREN AS INFORMACIÓNS RELATIVAS Á CONTRATACIÓN:

www.contratosdegalicia.es

O Porriño, 25 de xaneiro de 2010.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. **2010000954**

A N U N C I O

Por Resolución da Alcaldía de data 28 de decembro de 2009, aprobáronse as bases que rexerán a convocatoria pública para a urxente selección e nomeamento funcional interino, o abeiro do artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico de Empregado Público dun/dunha médico/a especialista en psiquiatría ou, no seu defecto, DUN MÉDICO/a con formación teórico-práctica en saúde mental, para o desenvolvemento do Plan Autonómico sobre Drogodependencias, na Unidade Asistencial de Drogodependencias do Porriño (UAD), o que se fai público a efectos de xeral coñecemento.

CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA MÉDICO/A ESPECIALISTA EN PSIQUIATRÍA OU CON FORMACIÓN TEÓRICO-PRÁCTICA EN SAÚDE MENTAL, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN AUTONÓMICO SOBRE DROGODEPENDENCIAS NA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS DO PORRIÑO.**PRIMEIRA.—OBJECTO**

A presente convocatoria e bases teñen por obxecto é a urxente selección e nomeamento funcional interino, o abeiro do artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico de Empregado Público dun/dunha médico/a especialista en psiquiatría ou, no seu defecto, dun médico/a con formación teórico-práctica en saúde mental (neste último suposto o período mínimo que se considerará para tal formación será de un ano e deberá ser acreditado mediante certificacións do director/a ou responsable da institución, unidade, centro ou servizo no que se levara a cabo dita formación), para o desenvolvemento do Plan Autonómico sobre Drogodependencias, na Unidade Asistencial de Drogodependencias do Porriño (UAD).

Se ben o Plan de Galicia sobre drogas 2007-2009 da Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde Xunta de Galicia, prevé no seu punto 3.4.2 Obxectivos xerais e específicos na área asistencial como obxectivo nº 1 “Conseguir a integración funcional e administrativa no Sergas dos servizos especializados no tratamento das drogodependencias dependentes de Administracións Públicas (como é o caso da UAD do concello do Porriño), así como creación de dispositivos propios aos que poderá acceder o persoal que desempeñe as súas funcións en